

Subxunct.	Escrib-		Escrib-		Escrib-	
-----------	---------	--	---------	--	---------	--

A) Traballamos agora cos verbos regulares da segunda e terceira conxugación. Coloca a forma correcta na liña de puntos.

- 1.- (VIVIR) Se nós.....neste barrio, iríamos a pé ao traballo.
- 2.- (COMER) Cando el chegou ao restaurante, vós xa o primeiro prato.
- 3.- (PERDER) Onte, todos os países a oportunidade de avanzar no tema da paz.
- 4.- (CORRIXIR) O profesor quere que ti os exercicios no encerado.
- 5.- (ESCRIBIR) No verán, mentres a vosa nai contaba contos fantásticos, ao pé da figueira, vós..... na libreta o que ela dicía.
- 6.- (TEMER) Sodes moi pesimistas, sempre..... o peor.
- 7.- (RESPONDER) Se María non fixese a pregunta dese xeito tan brusco, eles non tan violentamente.
- 8.- (ACEDER) Sempre que as mulleres.....a cargos de responsabilidade, teñen que demostrar a súa valía.
- 9.- (RECIBIR) Estou contenta porque mañá un premio polo último conto que escribín.
- 10.- (DEBATER) Non me parecería mal que durante tres horas, se ao final chegasen a un acordo.

B) Completa de novo as oracións, tendo en conta que se realizaron algúns cambios. Polo tanto, antes de encher os ocos, le toda a oración.

- 1.- (VIVIR) Se nós.....neste barrio, é porque podemos ir a pé ao traballo.
- 2.- (COMER) Cando el chegue ao restaurante, verá que vós xa o primeiro prato.
- 3.- (PERDER) Todos os países a oportunidade de avanzar no tema da paz, sempre que se reúnen.
- 4.- (CORRIXIR) O profesor quería que ti os exercicios no encerado.
- 5.- (ESCRIBIR) No verán, mentres a vosa nai conta contos fantásticos, ao pé da figueira, vós..... na libreta o que ela di.
- 6.- (TEMER) Fostes moi pesimistas, sempre..... o peor.
- 7.- (RESPONDER) Se María non fai a pregunta dese xeito tan brusco, eles non tan violentamente.
- 8.- (ACEDER) Cando as mulleres.....a cargos de responsabilidade, tiñan que demostrar a súa valía.
- 9.- (RECIBIR) Estaba contenta porque ao día seguinte un premio polo último conto que escribira.
- 10.- (DEBATER) Non me parece mal que durante tres horas, se ao final chegan a un acordo.

LINGUA GALEGA E LITERATURA

3ª ESO

Exercicios mércores 25.

AVISO: Os poemas indicados podedes enconralos facilmente escribindo o título e o autor/-a en google.

Grandes temas na poesía do Rexurdimento.

Rosalía de Castro, Curros Enríquez, Eduardo Pondal.

A muller (Eduardo Pondal)

“Meniña, rapaza nova”

1. Que ten que facer a meniña? Cal é a súa función?

“¿oh, quen puidera”

2. Cres que é unha poesía romántica? Por que di “pillarte” en lugar de dicir por exemplo “encontrarte”? Que efectos soe ter a hedra sobre a árbore que “cingue”?

“Pilleina antre os pinos soa”

3. É unha poesía claramente misóxina. En que elementos o podemos ver?

“As almas escravas”

4. Todo o poema establece unha antítese entre almas escravas / alma do bardo. Que termos se asocian a cada un deles? (adxectivos, substantivos, verbos)

“Abonda de oración...”

5. Con cal dos anteriores poemas o asocias?

LINGUA GALEGA E LITERATURA

4º ESO

Exercicios mércores 25.

A narrativa de posguerra

1.1. ÁNSEL FOLE (Vida e obra polo libro de texto)

Narrativa	1952 <i>Á lus do candil</i> 1958 <i>Terra Brava</i>	Ambientación rural.
	1973 <i>Contos da néboa</i> 1981 <i>Historias que ninguén cre</i>	Ambientación urbana

Características:

- ➔ Técnica do conto contado. (Son relatos narrados por personaxes ante outros personaxes que escoitan e entre os que con frecuencia se establece un diálogo)
- ➔ Dosificación da información moi ben calculada ("contos de medo" ou "contos de suspense").
- ➔ A descrición e presentación da paisaxe adquire unha significativa relevancia nos textos
- ➔ Os temas fundamentais da súa narrativa son:
 - contos de lobos
 - contos de aparecidos e soños como premonicións da morte
 - supersticións: meigas
 - lendas populares: Santa Compañía, Urco, Estadea...

A cabana do carboeiro

Foramos o Ricardo i eu a vela meiga do Torgán e el haberá vinte anos, coma dicían os vellos.

O Ricardo era un rancheiro de trinta anos, groso e baixote. Sempre vestía chaquetas de pana coas mangas moi rabenas. Tiña a muller fóra faguía máis dun ano. Cousas da vida. Houbera moitos disgustos entre iles. Il quería preguntarlle á meiga que faguía a súa muller. Xa me entenderían... Eu quería saber se o carboeiro de Narón quería pagarme cen pesos que me debía dun xato, que lle vendera tres ou catro meses inantes.

A meiga de Torgán tiña moita sona antre todos os feirantes de aquilas terras. E cobraba pola consulta máis que un avogado: cinco pesos ou dez, poño por caso. Astra de Monforte viñan a consultala. A fe que aduviñaba o porvir. E sabía o que faguían as persoas que vivían na América, oou ondia fose. Astra viñan a falar co ıla os difentos. Tamén botaba as cartas. Non se vira cousa igoal. Ninguén sabía de ondia viñera, pis de Torgán non era. Vivía cun flete. Iste era un home moreno, de ollos grandes e negros coas nádigas requichadas. Nunca ollaba de fronte. A fe que non me gostaba nada. Eu coido que fixera algunha morte.

A meiga sempre daba as consultas despois dos arrautos. Mentras lle daban os arrautos ladraba e ouveaba coma un can, metida no leito. Despois viña ó cuarto da consulta e vendábase os ollos. Nun vin unha muller tan fea. Tiña o pelo xa cano i a dentamía moura. Botábanlle os dentes pra diante. Falaba con voz grosa. Ramón, o seu querido, faguía de segredario. Vivían nunha casíña baixiña, un pouco arredade da aldea. Sempre consultaba despois das doce da noite e con moito misterio.

De volta da feira de Caldelas, fóramos alí os dous. Chamamos á porta e saiu o querido. Iste levounos a un cuarto pequeniño óndia había un braseiro. Tivemos que agardar cousa de media hora pra que lle rematara o arrauto. Que me leve Dios coma impoñía! Ladraba coma un can de palleiro. Nós ouvíamola moi ben, aínda que estaba noutro cuarto. Berraba que a levaba o demo. Despois empezou a saloucar. Nós, namentras, bebíamos viño en compañía do querido. Cando quedou calada dixo iste:

– Vouna buscar. Agora vaille vir a visión. Marcho a preparalo augardente.

De alí a unha miaxiña chegaron os dous. A meiga viña arrastrando os pés e salaiando. E astra me parede que bicaba ó querido. Sentáronse. Ramón pousou na mesa unha cunca chea de augardente ardendo. A meiga comenzou a remexer cunha culler. Os sous me pareceron mouros coma dous chamizoa. Cando se apagou u augardente, a meiga empezou a beber ós bocós ó mesmo tempo que arrotaba. Aínda que xa estivera alí, todo aquilo parecíame cousa moi rara. Empezou a consulta. Ricardo díxolle quen era e ó que viña. A meiga vendouse os ollos cun pano negro, e falou asina:

– A túa muller vai ter familia dentro de tres meses, e non túa, coma ti ben sabes. Ti verás se a has de matare. Eu non cho aconsello. O Ricardo tan soio dixo:

– É o que quería saber. Xa fai tempo que penso irme pra as Américas. Xa me decataba.
A meiga falaba cos brazos estalificados coma se fora dar unha aperta.
Eu díxenlle o meu caso, dándolle toda crase de sinais. Ila tardou un minuto en contestar. Abriu os brazos e dixo:
– Vai buscalo o máis axiña que poidas, pois andan tras il pra matalo. Bótalle a mao ó cabalo, porque il non ten un carto. Xa sabes que lle zuga o diñeiro a ladra da querida que ten en Leixazós. Mañá mesmo vai velo, que pode que aínda o atopas con vida. Non perdas o tempo.
Despois ergueuse e díxonos ós dous:
– Agora, largo de eiquí. Coidades que por dez pesos que me dades, vouvos estar dando parola toda a noite?
Deixamos os cartos riba da mesa, e saímos.
O Ricardo nunca o volvín a ver.
Fun ó día seguinte á serra, en busca do Carboeiro. Debería chegar cabo dil cara á noitiña, sen que me vise chegar, pois outramente, xa sabía que faría por escaparse. Debíao coller cando estivese na cabana ó pé do foio do carbón. Por sorte, non tiña can.
Sempre me acordarei daquela cabana no cimo do monte Narón. Era unha casoupa coas paredes de terra i o teito de ramaxe de xesta e de ouceiro. Non tiña porta. O Ramón pasábase alí as noites atendendo o foio. O carbón de coza dáballo moitos cartos. Sempre levaba coil o cabalo. Por certo que unha vez chegaronse os lobos á cabana. Un encetoulle un caxote. Gracias que o carboeiro tiña unha escopeta. Non embargantes, viuse negro pra que non llo mataran. A escopeta era o que me faguía cavilar. Collía o cabalo, arreaba e iba ver á súa querida a Leixazós, que non estaba moi lonxe. Leixazós é a terra máis infre que vin. Xa o di o refrán: En Leixazós non entra carro nin Dios. Son ditos de xente búlgara... Bueno; astra media legua non se atopaba casa ningunha arredor da cabana. Andan polo monte de Narón, corzos, xabaráis e lobos. Non é coma agora que fixeron moitas bouzas no monte e vense moitos labregos cos seus carros. Inantes soio se vían pastores e carboeiros.
Saín da casa un pouquiño despois de xantar, e adiqueime a pescar troitas con coco no Ferreiriño. Collera máis de dez libras. Cando se puña o sol, collín monte enriba cara a cabana. Chegaría cabo dil de sutaque. Se se negaba a pagarme, botaríalle mao ó cabalo, e non llo volvería mentras non me pagase os cen pesos do xato. Mais eu coidaba que non rifásemos. Ofreceríalle a metade das troitas. Botaríame riba dil e colleríalle a escopeta inates que lle chegase o acordo. Xa sabía que era home perigoso, mais eu era máis forte, pois levábame dez anos, e eu aínda non tiña trinta. Ademais, tiña o brazo esquerdo medio inútil dende que se caíra do cabalo. Eu polo que fora do caso, levaba unha fouce. O carboeiro era máis ben baixo, cos ollos azues. Tiña cara de tunante, abofé, mais ben parecía home secaño, dise que chaman secanias.
Ó subir unha cemba que había perto de Cabana, nin o cabalo do carboeiro que estaba pacendo nunha regata, cos pés trabados cunha solta. Sempre o deixaba alí astra a noite pecha. Mais pereceume raro que estivera aínda na regata, pois xa había escurecido de todo. Eu sabía que o metía na cabana por mor dos lobos. A regata estaba a douscentos metros da casoupa.
Cando cheguei xunto á cabana berrei por Ramón. Non respondeu. Ondia podía ire? Tampouco estaba ó pé do foio. E volvín berrar. Sen máis nen máis entrei. Dentro faguía moi escuro. Acendín un fósforo. Ós meus pés vin un farol de gas. Prendínlle lume. Collín o farol e púxenme a cachear pola cabana.
Alí estaba o Ramón debruzado nun curruncho, retorto coma unha salgueira, e coas uñas cravadas no chao terreo. A carón dil había unha cunca de caldo e dous chourizos con mofo. Dinlle cun pé e paseille a mao pola frente. Debía faguer cinco ou seis horas que morrera, pois estaba frío e teso. Fora envenenado. Quen lle botaría o solimán na comida? Maldixen o intre que se me ocorrira falar coa meiga de Tougán... Mais non tiven tempo pra moitas cavilacións.
Sentín pasos e voces ó lonxe. Apaguei o farol e boteime fóra. Escoitei. Polo outro lado da cemba viña xente. Que medo levei, oh Vi...!
Aínda non sei coma tiven tino pra gorecerme tras dun érvedo.
Polo cimo da cemba viñan tres homes. Todos tres levaban escopetas. O resprandor da chama do foio dáballes nas caras. A min parecíanme tres lobos con figuras de homes. Botáronse os tres a terra e puxéronse a camiñar a gatas. Eu coidaba que o corazón íbame a esfender a caixa do peito. Cando estiveron perto da cabana, erguéronse os tres. Un acendéu un foco i os outros entraron diante coas escopetas apuntando pra dentro.
De alí a un pouquiño ouvín unha voz:
– Por sorte, xa non temos nada que faguer. Veleiquí a ise fillo de cadela. Non se decatou que a comida estaba envenenada. Foi millor asina. O sangue sempre deixa rastro.
Ouvín outra voz:
– Sería millor enterralo.
A primeira voz dixo:
– Eiquí estivo alguén. ¿Non vedes ista cambada de peixes? E aínda fumea o farol. Non debe andar lonxe.
Falou outro que aínda non falara:
– Hai que dar unha batida polos arredores. ¡Vamos xa! Ondia o atopemos, o matamos.
Por sorte pra min, fóronse todos cara á regata. Non había tempo que perder. Non sei cóma o medo me deixou correr. Dun brinco púxenme no camiño que baixaba ó val, qui era moi fondo e iba antre xesteiras. Mesmamente parecía que me naceran azas nos pés.
Unha bala de escopeta asubiou perto da miña orella dereita. Outros dous tiros. Despois, unha voz que berraba:
– ¡Alá vai polo camiño do val!
Que ningún me pregunte máis... A meiga acertara.

Ánxel FOLE, *Á lus do Candil*

1. Fole utiliza o recurso do “conto contado”. Como aparece marcado no texto isto?
2. Que procedementos utiliza o autor para manter a intriga? (Fíxate nas oracións (longas / curtas, ambientación, ...))
3. A paisaxe é rural ou urbana? Que importancia ten no relato? Tería o mesmo efecto se sucedese en calquera outro sitio?
4. É unha temática característica da narrativa de Fole? Explícao.